

Servizo de EDUCACIÓN

CONCELLERÍA DE
EDUCACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



Expediente 97471/332

INFORME-PROPOSTA:

Este informe-proposta redáctase de conformidade co establecido no artigo 28 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, e cos artigos 165.1, 172.1 e 175 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais.

O obxecto da presente proposta para o inicio do correspondente expediente de contratación é a necesidade de atender a *xestión, organización e desenvolvemento do Programa Municipal de Educación Básica de Persoas Adultas.*

FUNDAMENTOS DE DEREITO

A educación permanente é un proceso continuo, que se desenvolve durante toda a vida, co propósito de que toda persoa poida manterse actualizada respecto ás transformacións importantes do noso mundo; acadando o máximo desenvolvemento individual e social que lle sexa posible, e englobando todo tipo de experiencias e actividades que sexan ou que teñan intencionalidade educativa.

As disposicións legais vixentes na materia, nomeadamente a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio de Educación (LOE), na súa nova redacción dada pola Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro (LOMLOE) publicada no BOE N.º 340 do 30/12/2020, reconece no seu artigo 5 que todas as persoas deben ter a posibilidade de formarse ao longo da súa vida coa finalidade de adquirir, actualizar, completar e ampliar as súas capacidades, coñecementos, habilidades, aptitudes e competencias para o seu desenvolvemento persoal e profesional. Ademais no mesmo artigo, se indica que corresponde ás Administracións Públicas promover ofertas de aprendizaxe flexibles que permitan a adquisición de competencias básicas, e a este respecto no capítulo IX do título I, se regula e establece que as persoas adultas que queiran adquirir as competencias e coñecementos correspondentes á educación básica, contarán cunha oferta adaptada as súas condicións e necesidades.

A Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación (LOMLOE), defende como finalidade da educación Primaria (...) facilitar aos alumnos/as os aprendizaxes da expresión e comprensión oral, a lectura, a escritura, o cálculo, as habilidades lóxicas e matemáticas, a adquisición de nocións básicas da cultura, coa finalidade de garantir unha formación integral que contribúa ao pleno desenvolvemento da súa personalidade. (artigo 4, Real Decreto 157/2022).

Tamén a LOE fai referencia no seu preámbulo á importancia do aprendizaxe ao longo da vida e recolle entre os seus principios a necesidade de proveer dunha educación de calidade a todos os cidadáns, garantindo a igualdade de oportunidades, a inclusión educativa e a non discriminación, implicando isto á poboación adulta.

Por outra banda, o artigo 8 "cooperación entre administracións" da Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, de educación (LOE), recolle que as administracións educativas e as corporacións locais coordinarán as súas actuacións no ámbito das súas competencias para acadar unha maior eficacia dos recursos destinados á educación e contribuír aos fins establecidos nesta lei.

Así mesmo, o acceso a unha educación básica, a calquera idade, é un dereito recollido no artigo 26 da Declaración Universal dos Dereitos Humanos (Asemblea Xeral da ONU, 1948).



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 26/06/2024 14:35

Páxina 1 de 4

97471-332

CSV: AAAB5B-AB5EC1-464FA7-BL2R46-SN2R6Y-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

Conforme dispón o artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), o Concello na xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias pode promover actividades que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, e en canto ao exercicio das competencias municipais propias que exercerán as administracións locais nas distintas materias cita textualmente as seguintes:

- Artigo 25.2.e) Atención a persoas en situación de necesidade social ou risco de exclusión social.
- Artigo 25.2.h) Información e promoción da actividade turística de interese e ámbito local.
- Artigo 25.2.l) Promoción da ocupación do tempo libre.
- Artigo 25.2.m) Promoción da cultura e equipamentos culturais.

Igualmente segundo o recollido no artigo 80.2.n da Lei 5/1997 de 22 de xullo, de administración local de Galicia (LALGA), os municipios teñen competencia propia en materia de promoción da cultura e equipamentos culturais e ocupación do tempo libre.

En consecuencia, se establece no campo da formación básica e aprendizaxe permanente de persoas adultas ao longo da súa vida, un marco normativo específico e a ineludible responsabilidade dos poderes públicos, o cal induce e facilitar a competencia e participación dos Concellos nesta materia, na procura de favorecer a súa adaptación e integración social. Inda máis, este proceso educativo debería ser máis ben, educación para ser adultos/as que poidan participar e actuar na sociedade que lles rodea.

A importancia de ofertar e recibir unha educación permanente de calidade e axeitada ás demandas da poboación adulta, se debe á necesidade de adaptarse constantemente aos cambios sociais, económicos e culturais que se dan na sociedade na que vivimos, nun continuo proceso de transformación.

Consonte a este marco de responsabilidade competencial obrigatorio e propio das Entidades Locais citado anteriormente, é vontade expresa do Concello de Vigo, en función da política educativo-cultural que o goberno local considera apropiada e conforme ás súas prioridades programáticas, promover unha nova edición deste programa municipal de formación non regrada no ámbito da educación básica de persoas adultas, que nas súas edicións anteriores se vén avaliando positivamente e tendo unha ampla aceptación por parte dos seus usuarios/as.

Este ámbito didáctico-formativo da educación de persoas adultas, é un escenario de actuación onde as administracións locais están tradicionalmente presentes e polo tanto, teñen xogado e xogan un papel moi relevante na formación dos habitantes adultos das cidades ao longo da súa vida.

Atribuída pois a súa competencia ao municipio, de conformidade coa normativa en vigor procede a xestión do servizo obxecto de contratación a través dos cauces previstos no ordenamento xurídico vixente.

XUSTIFICACIÓN DA NECESIDADE

Basicamente esta aposta formativa que promoven os concellos persegue que as persoas maiores de 18 anos podan adquirir, completar ou ampliar coñecementos, e que teñan a oportunidade de mellorar en aptitudes para o seu progreso persoal e profesional, tentando que estas persoas desenvolvan unha integración e participación activa na vida social. En xeral, a educación de persoas adultas, atende preferentemente a aqueles grupos ou colectivos sociais máis carentes de formación e oportunidades (rendas baixas, risco de exclusión, parados de longa duración, mulleres que non accederon ao sistema educativo...) e, polo tanto, máis necesitados da mesma, especialmente na consecución daquelas habilidades básicas que posibilitan a participación de forma libre e autónoma na vida urbana, a sociedade e a cultura, sendo este desenvolvemento persoal o soporte da igualdade e verdadeira integración social.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/06/2024 14:35	Páxina 2 de 4
97471-332	CSV: AAAB5B-AB5EC1-464FA7-BL2R46-SN2R6Y-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de EDUCACIÓN

CONCELLERÍA DE
EDUCACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



Expediente 97471/332

Este programa ten por obxectivo ofrecer ás persoas adultas as ensinanzas orientadas ao logro das denominadas competencias básicas, para adquirir as habilidades instrumentais básicas de lectoescritura, de cálculo matemático, así como de información sobre o contorno e equipamentos culturais da cidade, mediante unha metodoloxía e proceso instrutivo flexible e aberto, axeitado ás necesidades e características concretas dese alumnado adulto. Ten como meta funcional posibilitar a incorporación das persoas aos estudos conducentes á obtención do título de Graduado/a en Educación Secundaria Obrigatoria (ESO) e como obxectivo cívico e sociocultural, potenciar a súa incorporación plena na vida da cidade, dotándoas de ferramentas de todo tipo para desenvólvense con liberdade e igualdade na cada vez máis complexa vida urbana. Este programa municipal véñse realizando achegando as accións formativas e actividades complementarias de coñecemento cultural da cidade á poboación adulta, mediante o uso de locais de entidades veciñais e a colaboración destas para o seu mellor desenvolvemento.

A implementación da iniciativa didáctica municipal “Educación Básica de Persoas Adultas” contempla a contratación dunha empresa especializada e competente na prestación de programas de alfabetización e formación non regrada de persoas adultas, que terá como cometido a prestación plural de traballos e servizos de distinta natureza e carácter heteroxéneo; tales como docencia, organización e coordinación do programa lectivo no seu tempo libre, recursos materiais, posibles actividades complementarias e/ou extraescolares de visitas turístico-culturais á cidade, tarefas de divulgación... que supoñen a xestión integral do programa e comporta a execución do contrato que se rexerá consonte ao disposto na lexislación contractual vixente a través da Lei 9/2017 do 8 de novembro de Contratos do Sector Público (LCSP).

Para o contrato que se propón, tendo en conta o obxecto específico da presente proposta, cómpre proceder a súa contratación externa dada a imposibilidade da súa execución de maneira directa pola administración local, toda vez que o Concello de Vigo non conta con medios materiais axeitados e persoal propio cualificado e suficiente para prestar con satisfacción as necesidades obxecto do citado servizo. Por outra parte, a contratación externa é o medio habitualmente utilizado no mercado para cubrir este tipo de necesidades e o máis completo e eficaz para facer fronte ás necesarias actividades que se desenvolven no PPT.

Contémplase a contratación do programa nun único lote, para facilitar a libre concorrncia, posibilitar a especialización dos licitadores e fixar máis claramente o obxecto do contrato para prestar os servizos para a xestión, organización e desenvolvemento do Programa Municipal de Educación Básica de Persoas Adultas. Neste lote establécese polo Concello o perfil mínimo que deben reunir os posibles licitadores e os compromisos de funcionamento esixibles para un óptimo desenvolvemento do contrato.

A estimación da data de inicio do contrato administrativo prevese a partir do 1 de outubro de 2024, para unha duración dun máximo de catro anos, e a posibilidade dunha prórroga, por un período máximo dun ano.

É vontade do goberno municipal seguir ofertando este frutífero programa municipal de educación básica de persoas adultas, coa finalidade de seguir dotando aos estudantes adultos de contidos, destrezas e habilidades para unha formación xeral integradora que lles permita ser cidadáns competentes e activos, sendo conscentes de que a educación é un dos principais factores de transformación social que proporciona un acceso a unha mellor calidade de vida laboral, social e económica.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/06/2024 14:35	Páxina 3 de 4
97471-332	CSV: AAAB5B-AB5EC1-464FA7-BL2R46-SN2R6Y-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Estímase que a necesidade á que se pretende dar cumprimento mediante as citadas prestacións e a súa relación co obxecto do contrato resulta directa, clara e proporcional polos motivos expostos.

En cumprimento do artigo 28 da Lei 9/2017, a natureza e extensión das necesidades que se pretenden cubrir mediante este contrato, así como a idoneidade do seu obxecto e o contido para satisfacelas están totalmente xustificadas.

SITUACIÓN ACTUAL DA PRESTACIÓN DO SERVIZO

O vixente contrato para a xestión, organización e desenvolvemento do programa municipal de Educación Básica de Persoas Adultas, adxudicado a favor da Asociación Mulleres Progresistas de Vigo pola Xunta de Goberno Local na súa sesión do 30 de abril de 2020, remata o vindeiro 31 de maio de 2024, segundo determinan os pregos de condicións que rexen o referido contrato e en virtude da aprobación da segunda e última prórroga acordada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión do 3 de marzo de 2023.

O presente contrato está previsto no Plan anual de contratación. A súa anualidade non coincide coa do contrato vixente en termos de licitación.

En base ao exposto e, de conformidade co art. 116.1 e Disp. Adic. 2ª.4 da Lei 9/2017 (LCSP) e en virtude dos decretos de Alcaldía e acordo da Xunta de Goberno Local, relativos a delegacións de competencias, elévase á concelleira da Área de Goberno a seguinte:

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN:

Iniciar o expediente administrativo para a contratación dos servizos de xestión, organización e desenvolvemento do programa municipal de Educación Básica de Persoas Adultas.

Vigo, na data da sinatura dixital

O técnico de actividades culturais e educativas, Pedro María Vázquez Iglesias

A xefa do Servizo de Educación, María José Loureiro Bada

Conforme: a concelleira delegada de Educación, María Olga Alonso Suárez

DECRETO

En base ao exposto, de conformidade co artigo 116.1 e Disp. Adic. 2ª.4 da Lei 9/2017, en virtude das competencias que me atribúe a vixente lexislación (artigo 127.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, Decretos de Delegación da Alcaldía de datas 20 e 28 de xuño de 2023, publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra nº 124 e 129 en datas 28 de xuño e 5 de xullo de 2023, e acordo da Xunta de Goberno Local do 22 de xuño de 2023, publicado no BOPPO nº 129 o 5 de xullo de 2023), e á vista da precedente proposta de resolución,

RESOLVO de conformidade coa mesma.

Vigo, na data da sinatura dixital.

A concelleira da Área de Goberno de Emprego, Fondos Europeos, Patrimonio, Medio Ambiente, Educación, Deportes e Xuventude, Elena Espinosa Mangana

Conforme: o concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, Jaime Aneiros Pereira

Dou fe: A secretaria de Goberno Local, Susana Gallardo Fariña



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/06/2024 14:35	Páxina 4 de 4
97471-332	CSV: AAAB5B-AB5EC1-464FA7-BL2R46-SN2R6Y-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		